

“Se conseguimos que unha boa parte da produción saia ao mercado nos meses de verán acadaremos unha notable mellora na rendibilidade”

A IXP Ternera Gallega está inmersa no desenvolvemento dunha serie de sesións técnicas en diferentes concellos de Galicia. O obxectivo é informar sobre a importancia da planificación para lograr a regularización produtiva e así acadar mellores prezos e consolidar a posición da carne da Denominación no mercado. Ademais de analizar a situación actual do vacún de carne desde a dimensión técnica, económica e comercial da produción e reprodución da cabana gandeira, as xornadas buscan animar aos gandeiros a implantar este sistema de traballo na rutina diaria. Produtores de Ternera Gallega, como é o caso de Alberto Vázquez, veñen utilizando esta práctica nas súas explotacións desde hai algún tempo e quixeron valorar nesta entrevista as principais vantaxes que supón a iniciativa. Unha axeitada programación dos partos, unida a un correcto manexo do rabaño, así como o coñecemento das características reprodutivas e de alimentación das femias, son algunhas das prácticas que Vázquez entende como principal solución ao problema do desfase estacional e o desequilibrio entre oferta e demanda co que se atopa na actualidade o sector do vacún de carne galego.



Como valora a iniciativa posta en marcha a finais do pasado ano pola IXP Ternera Gallega para planificar e regularizar a produción de vacún de carne?

Paréceme ben, xa que a tendencia natural da reprodución non se axusta exactamente ás necesidades do mercado da carne. Así, cando toca sacrificar a maioría dos animais, cadra cunha menor demanda no consumo de carne de vacún.

En explotacións extensivas ou semi-extensivas, como é o meu caso, unha gran maioría dos partos prodúcese na primavera tirando ao verán (meses de abril, maio, xuño). Todos estes becerros toca sacrificarlos nos meses

de xaneiro, febreiro, marzo e abril, cadra xustamente cos meses de menos demanda por parte do consumidor de carne de vacún debido a factores como é, sobre todo aquí en Galicia, o elevado consumo de carne

de porco (matanzas domiciliarias, Entroido, etc.) entre outros factores.

Polo tanto, penso que deberíamos facer un pouquiño de esforzo entre todos/as produtores/as para conseguirmos achegar unha boa parte da produción

de cada explotación aos meses de máis demanda comercial (xullo, agosto, setembro...).

Acolleuse ben desde a perspectiva do gandeiro esta programación dos partos?

No meu caso perfectamente. Non creo que supoña un grande esforzo.

Como executan esta práctica no traballo diario?

Na miña gandaría non hai gran diferenza, simplemente se retira o semental cando non queremos cubricións. O touroponse só nunha parcela algo illado do rabaño e aí permanece ata a seguinte época de cubrición.

Desde cándo a veñen utilizando na súa explotación?

Empezouse separando no mes de xullo do 2010 ata primeiros de decembro de 2010. Todas as vacas que saíran en celo dende xullo a decembro (que representan aproximadamente un 25% das reprodutoras), ás

que lles tocaría parir na primavera, pasan á parideira de outono.

Neste primeiro ano conseguimos cambiar 15 reproductoras e no próximo esperamos aumentar o número xa que se vai retirar o semental un mes antes (xuño).

Están observando xa os primeiros resultados? Cales son as principais diferenzas con respecto ás anteriores prácticas de manexo?

Polo momento non podemos falar de resultados porque hai que respectar o curso natural de que a vaca que non empreña non pode parir. Diferenzas no manexo no meu caso non hai ningunha coa parideira continua.

Cre que mellorará, cuantitativa e cualitativamente, a rendabilidade das explotacións?, por qué?

Se conseguimos que unha boa parte da produción saia ao mercado nos meses de verán é obvio que non nos vai ir peor xa que neste tempo hai un aumento significativo no prezo do quilo/canal e, polo tanto, unha mellora na rendibilidade. Por outra banda, tamén hai un mellor axuste nas

necesidades alimenticias do propio animal, é dicir, os xatos que naceran en plena primavera non darían consumido todo o leite que lles aportan as nais porque son moi pequenos e non teñen capacidade para inxerilo todo coa conseguinte perda de ali-

mento. Pola contra, se estes xatos nacen nos meses de outono, cando chega a primavera (que é cando hai abundancia de pastos de boa calidade) os xatos xa teñen capacidade para aproveitar todo o leite que as nais producen co que se aforrará ao haber menor consumo de pensos de acabado e a canal ademais é máis natural a parte de máis barata.

Suponlle algún investimento maior previo ao retorno que poida ocasionar esta operativa?

O que pretendo eu e agrupar en 6 meses, o que non debería supoñer ningún trastorno xa que é unha explotación semi-estensiva con partos

ao aire libre e viven ata os 7-8 meses coas nais nos pastos. Ao facerlles un acabado en corte de 2 meses, se a agrupación fose todo a partos de outono si que habería que construír aloxamentos para ese fin, pero en medio ano é suficiente coas construcións xa existentes.

Como lle afecta na actualidade ao gandeiro o comportamento dos mercados? Cre que a cadea de valor da produción de vacún de carne desatende hoxe en día o seu primeiro, e esencial, chanzo (a orixe)? Que amparo e garantías ofrece neste sentido Ternerera Gallega?

Na actualidade, "os mercados" coido que non traballan precisamente para o gandeiro e está totalmente desfazado o prezo de orixe co do final da cadea.

Nun principio, Ternerera Gallega presenta un plan interesante. Sería importante que realmente se valorase claramente a diferenciación da TG Suprema que é á que realmente lle afecta a programación dos partos.

Hai un aumento significativo no prezo do quilo/canal e, polo tanto, unha mellora na rendibilidade

O que pretendo eu é agrupar en 6 meses, o que non debería supoñer ningún trastorno

